



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 4

Unidade didáctica 14

Gramática da lingua

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal.....	4
2.	Secuencia de contidos e actividades.....	6
2.1	Léxico e semántica.....	6
2.1.1	Estrutura da palabra.....	6
2.1.2	Organización del léxico en castellano y gallego.....	9
2.1.3	Semántica. Palabras tabú e eufemismos.....	13
2.2	Ortografía, acentuación, puntuación.....	16
2.2.1	Acentuación.....	16
2.2.2	Grafías.....	17
2.2.3	Grupos consonánticos.....	17
2.2.4	Homófonos.....	18
2.2.5	Repaso de signos de puntuación.....	19
2.2.6	Fonética.....	20
2.3	Sintaxe e construción textual.....	22
2.3.1	Os sintagmas.....	22
2.3.2	Enunciados y oraciones.....	23
2.3.3	Estrutura sintáctica da oración simple. Complementos do predicado.....	24
2.3.4	Clasificación de la oración según la naturaleza del predicado.....	28
3.	Resumo de contidos.....	31
4.	Actividades complementarias.....	33
4.1	Actividades en lingua galega.....	33
4.2	Actividades en lengua castellana.....	35
5.	Solucionario.....	38
5.1	Solucións das actividades propostas.....	38
5.2	Solucións das actividades complementarias.....	43
5.2.1	Actividades en lingua galega.....	43
5.2.2	Actividades en lengua castellana.....	45
6.	Bibliografía e recursos.....	48
7.	Anexo. Licenza de recursos.....	51

1. **Introdución**

1.1 **Descrición da unidade didáctica**

Está vostede diante dunha unidade didáctica na que vai afondar en moitos dos contidos que foron tratados en módulos anteriores coa finalidade de reforzalos e, ao tempo, enfrontarse a outros novos. Así, en ortografía imos ocuparnos dalgunhas palabras que adoitan presentar dificultades aos usuarios das dúas linguas oficiais de Galicia.

Igualmente, dedicamos un espazo importante tanto á explicación das orixes do léxico das nosas linguas coma aos procedementos de formación de novos vocábulos. O enriquecemento do vocabulario vai incidir dun xeito decisivo na súa competencia comunicativa.

Finalmente, ocuparémonos da estrutura da oración para que vostede sexa quen non só de identificar os conceptos teóricos que aquí se explican, senón tamén, e fundamentalmente, de aplicalos ás producións propias.

1.2 **Coñecementos previos**

Debe ter asimilados os contidos dos módulos anteriores para poder enfrontarse con éxito aos presentes nesta unidade. En moitos casos xa non se ofrecen eses coñecementos, senón que se remite a enlaces en Internet onde vostede pode atopalos.

1.3 **Suxestións para a motivación e o estudo**

O mesmo que en módulos anteriores, propoñemos que revise atentamente os contidos teóricos que se ofrecen para, a continuación, realizar as actividades propostas e complementarias. Dispón de actividades resoltas en cada un dos apartados para facilitarlle o seu traballo.

Recomendamos que siga a facer uso do dicionario para enriquecer o seu vocabulario e que dedique un tempo cada día á lectura de diferentes tipos de textos para asimilar os contidos que está a estudar. Para facilitarlle este traballo, entre outras, as páxinas web da RAG e da RAE dispoñen de senllos dicionarios.

Lembre que a competencia comunicativa dunha persoa facilitará unha mellora da súa autoestima e unha máis doada inserción e participación social. Ademais, propiciará o exercicio dunha cidadanía máis activa e crítica.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 13. Comunicación oral

A preparación desta unidade precisaría de tres semanas de estudo e traballo.

Habería que dedicarlle unha semana a cada un dos bloques que compoñen a unidade. Tres horas semanais, no caso dos dous primeiros bloques, asignadas á comprensión e asimilación dos contidos teóricos e á realización das actividades. No caso da terceira semana de traballo, sería conveniente distribuír o labor de estudo e cumprimento dos exercicios suxeridos no último bloque da unidade ao longo de catro horas.

Unidade 14. Gramática da lingua

Nesta unidade imos abordar contidos de léxico e sintaxe e tamén repasaremos aspectos de semántica, ortografía, puntuación, fonética e acentuación. Combinamos, pois, conceptos novos coa revisión doutros que xa foron aparecendo en módulos anteriores. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

As dúas primeiras semanas estarían destinadas a desenvolver o apartado 2.1, na terceira ocuparase do apartado 2.2, na cuarta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 15. Comunicación escrita

Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade, nuns casos, de repasar e afondar e, noutros, de introducir nestes temas ao alumnado que se incorpora agora ao ensino de adultos. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1.1, a segunda traballaría o apartado 2.1.2, na terceira ocuparase do apartado 2.1.3, na cuarta, do apartado 2.2. Recomendamos que dedique un mínimo de tres horas semanais de traballo e investigación a cada apartado desta unidade.

Unidade 16. Educación literaria

A última unidade do módulo está dedicada ao estudo da literatura do século XX nas dúas linguas que conforman o ámbito: a galega e a castelá. Debido á súa extensión, organizaremos a explicación ao longo de catro semanas, dúas para a literatura en lingua galega e outras dúas para a literatura en lingua castelá.

Lembre que vostede deberá dedicar pola súa conta varias sesións máis á comprensión e aprendizaxe destes contidos, así como á lectura dos textos e exercicios propostos.

2. Secuencia de contidos e actividades


2.1 Léxico e semántica

Nesta unidade imos ocuparnos dos mecanismos internos dos que dispón o idioma para crear novas palabras; tamén da clasificación do léxico dunha lingua tendo en conta a súa estrutura e orixe. Finalmente, analizaremos cuestións relativas á relación entre o vocabulario e a sociedade.

2.1.1 Estrutura da palabra

As unidades mínimas da lingua que constan de significante (forma fónica) e significado (contido) son os **monemas**. Dentro deles diferenciamos dous grandes tipos:

- Lexemas: posúen significado léxico, isto é, aluden a conceptos, ideas...
- Morfemas: posúen significado gramatical. Podemos diferenciar, á súa vez, outros dous tipos:
 - Flexivos: non alteran o significado da palabra nin a súa categoría gramatical. Só indican o xénero, o número e, no caso do verbo, o tempo, o modo, o número e a persoa.
 - Derivativos: colocados diante do lexema (prefixos) ou despois (sufixos), crean novas palabras que poden pertencer ou non á mesma categoría gramatical da base.



Derivación: prefixos

Como dixemos, os prefixos colócanse diante do lexema para formar palabras novas. A continuación mencionamos algúns prefixos de uso frecuente e o seu significado.

Prefixo	Significado	Exemplos
▪ <i>a-</i>	▪ Negación, privación	▪ <i>Amoral, ateo</i>
▪ <i>bi-</i>	▪ Dúas veces, dous	▪ <i>Bilingüe, bigamo</i>
▪ <i>biblio-</i>	▪ Relacionado cos libros	▪ <i>Bibliografía, biblioteca</i>
▪ <i>pre-</i>	▪ Anterioridade	▪ <i>Predicir, prehistoria</i>
▪ <i>re-</i>	▪ Repetición	▪ <i>Refacer, retorcer</i>
▪ <i>tri-</i>	▪ Tres veces, tres	▪ <i>Trimestre, tripode</i>

Derivación: sufixos

Lembre que os sufixos van detrás do lexema para formar palabras novas. A continuación citamos algúns sufixos galegos e o seu significado.

Sufixo	Significado	Exemplos
▪ <i>-ame</i>	▪ Conxunto de	▪ <i>Dentame, enxame</i>
▪ <i>-edo</i>	▪ Colectivo	▪ <i>Arboredo</i>
▪ <i>-aría</i>	▪ Lugar	▪ <i>Panadaría, confeitaría</i>
▪ <i>-án/á</i>	▪ Profesións	▪ <i>Tecelán/á, artesán/á</i>
▪ <i>-án/á</i> ▪ <i>-és/esa</i> ▪ <i>-ense</i> ▪ <i>-eiro/a</i> ▪ <i>-ego/ega</i> ▪ <i>-ino/a</i>	▪ Xentilicios	▪ <i>Ourensán/á</i> ▪ <i>Vigués-viguesa</i> ▪ <i>Pastoricense</i> ▪ <i>Betanceiro/a</i> ▪ <i>Chairego/a</i> ▪ <i>Monfortino/a</i>

Tamén son sufixos de uso moi frecuente os seguintes:

- Para expresar diminución ou afectividade (diminutivo):
 - *iño/a: rapaciña*
 - *echo/a: gordecho*
 - *elo/a: cadelo*
 - *ete/a: banqueta*
- Para expresar aumento ou valoración (aumentativo):
 - *ón/ona: mullerona*
 - *azo/a: cochazo*
- Para expresar desprezo (despectivo):
 - *aco/a: paxarraco*

- exo: lugarexo
- uco/a: casuca
- ucho/a: quartucho
- allo/a: espantallo
- oupo/a: casoupa

Para a formación de palabras novas a partir das xa existentes a lingua posúe tres procedementos: derivación, composición e parasíntese.

Derivación

A derivación é un procedemento de formación de palabras consistente en engadirle a un lexema prefixos ou sufixos. Así, por exemplo, da palabra *pan* podemos formar outras tales como: *panadeiro*, *panadaría*, *empanar*, *empanada*, *panificadora*... Como ve, todas elas teñen unha parte común (*pan*) que é o seu lexema ou raíz. As demais palabras formáronse engadindo a este lexema prefixos (se van diante) e sufixos (se van detrás).

Composición

A composición é un procedemento de formación de palabras novas consistente na unión de dous ou máis lexemas. Fíxese nas seguintes palabras:

- *Xordo + mudo = xordomudo*
- *Tapa + cubos = tapacubos*
- *Afía + lapis = afialapis*

Parasíntese

Son palabras formadas simultaneamente polos procedementos de composición e derivación: lexema *sete* + lexema *mes* + sufixo *-iño*: *setemesiño*.

Tamén se poden considerar como palabras parasintéticas as que conteñen ao mesmo tempo un prefixo e un sufixo: *entristecer*. Para considerarmos parasintéticas este último tipo de palabras o prefixo e o sufixo deben actuar simultaneamente. Repare:

- Esperar-desesperar-desesperación: sería derivada porque non actúan ao mesmo tempo.
- Triste-entristecer: podemos considerala parasintética porque non existe *entristar nin *tristecer.



A estrutura do léxico é idéntica en galego e castelán.


2.1.2 Organización del léxico en castellano y gallego

El léxico de un idioma no es algo inalterable o fijo, sino que, por el contrario, evoluciona y se modifica a lo largo de los siglos. Algunas palabras dejan de utilizarse, otras evolucionan y cambian su significado; existen, finalmente, numerosas incorporaciones.

Podemos clasificar el léxico de una lengua teniendo en cuenta dos parámetros diferentes:

Según su forma

<ul style="list-style-type: none"> Palabras simples 	<ul style="list-style-type: none"> Constan de lexema y morfemas constitutivos: <i>animales</i>.
<ul style="list-style-type: none"> Palabras derivadas 	<ul style="list-style-type: none"> Constan de lexema y morfemas derivativos: <i>herrería</i>.
<ul style="list-style-type: none"> Palabras compuestas 	<ul style="list-style-type: none"> Consta de dos o más lexemas: <i>sacacorchos</i>.
<ul style="list-style-type: none"> Palabras parasintéticas 	<ul style="list-style-type: none"> Son al mismo tiempo compuestas y derivadas: <i>paraguero</i>; también se pueden considerar como tales las que combinan simultáneamente los procedimientos de prefijación y sufijación: <i>entristecer</i>.
<ul style="list-style-type: none"> Siglas: 	<ul style="list-style-type: none"> Palabras formadas por las iniciales de varios vocablos. Suelen hacer referencia a organismos, instituciones y empresas. Se escriben enteramente en mayúscula sin punto entre sus constituyentes: <i>OTAN, ONU, BBVA</i>.
<ul style="list-style-type: none"> Acrónimos 	<ul style="list-style-type: none"> Se crean a partir de las letras o sílabas iniciales de otras palabras. Si hacen referencia a nombres propios, se escribe en mayúscula únicamente la primera letra: <i>Renfe</i> (formada a partir de la estructura Red Nacional de Ferrocarriles Españoles).



Según su origen

De origen latino: voces patrimoniales, cultismos, semicultismos y dobles

- Son palabras patrimoniales las que forman parte de una lengua desde que esta se constituye como tal y, por lo tanto, sufrieron transformaciones fonéticas significativas. Ejemplo:
 - Castellano: *hijo* (latín *filliu(m)*)
 - Gallego: *ceo* (latín *caelu(m)*)
- Son palabras semicultas las que entraron en una lengua después de su formación y experimentaron una evolución menos intensa: Ejemplo:
 - Castellano: *siglo* (latín *saeculum*)
 - Gallego: *século* (latín *saeculum*)
- Las palabras cultas son aquellas que se introdujeron en el idioma de forma tardía por vía culta. No experimentaron los cambios de las formas patrimoniales y semicultas y mantienen (salvo algunas adaptaciones ortográficas) la forma latina originaria. Ejemplo:
 - Castellano: *luctuoso* (latín *luctuosus*)
 - Gallego: *ridículo* (latín *ridiculum*)

En ocasiones, del mismo étimo latino derivan, tanto en castellano como en gallego, dobles o incluso triples resultados, porque tendremos una palabra culta, una patrimonial e incluso una semiculta:

CASTELLANO		
FORMA LATINA	PALABRA PATRIMONIAL	PALABRA CULTA
<i>Clamare</i>	llamar	clamar
<i>Materia</i>	madera	materia

GALLEGO		
FORMA LATINA	PALABRA PATRIMONIAL	PALABRA CULTA
<i>Secretu</i>	segredo	secreto
<i>Plena</i>	chea	plena

La **familia léxica** está formada por todas las palabras que tienen un mismo lexema y, por lo tanto, una parte de su significado es común. Ejemplo: *pan*, *panadero*, *panadería*, *empanar*, *empanada*, *panificadora*... A veces, dentro de la misma familia léxica, conviven voces patrimoniales, cultas y semicultas. Son las **familias léxicas irregulares**. Así, por ejemplo, en la familia léxica de *leche* tenemos palabras como *lechero*, *lechería* que se forman a partir del lexema *leche* y son palabras patrimoniales; pero también tenemos formas como *lácteo* que es una palabra culta formada a partir del lexema latino (*lacteus*).

Préstamos

En módulos anteriores ha estudiado que tanto gallego como castellano proceden del latín vulgar y que ambas lenguas cuentan además con aportaciones léxicas de las lenguas habladas antes de la conquista romana (lenguas de substrato) y de las lenguas germánicas y árabe (lenguas de superestrato). Además, contamos con préstamos que son palabras que se han ido incorporando a lo largo de la historia por razones culturales, sociales y económicas. A continuación aparecen algunas de las lenguas de las que han tomado préstamos los idiomas castellano y gallego:

Germanismos	<i>Palabras procedentes del alemán</i>	<i>Káiser, búnker...</i>
Anglicismos	<i>Palabras procedentes del inglés</i>	<i>Club, líder, filme ...</i>
Galicismos	<i>Palabras procedentes del francés</i>	<i>Dama, galleta, jardín...</i>
Italianismos	<i>Palabras procedentes del italiano</i>	<i>Batuta, escopeta, terceto ...</i>
Americanismos	<i>Palabras procedentes de las lenguas amerindias</i>	<i>Cacao, chocolate, cóndor ...</i>

Neologismos, cultismos y tecnicismos

Denominamos **neologismos** a las palabras que se han incorporado recientemente al



ANGLICISMOS

por Profedele.es

Palabras del inglés que se usan en español

*** aceptados por la RAE 2017**

CINE Y TELEVISIÓN

- *casting** audición
- hacer un **spoiler** reventar el final
- prime time** horario de máxima audiencia
- *reality show** programa de telerrealidad
- *show** espectáculo
- *tráiler** avance

COMIDA

- *bol** cuenco
- hot dog** perrito caliente
- *lunch** comida
- *sándwich** emparedado
- whisky, *güisqui** -

DEPORTE

- *básquet** baloncesto
- coach** entrenador, asesor
- *córner** saque de esquina
- *esprint** -
- *footing** correr
- *fútbol** balompié
- runner** corredor

NEGOCIOS

- business** negocios
- brand** marca
- cash** dinero en efectivo
- crowdfunding** micromecenazgo
- *espónsor** patrocinador
- *lobby** grupo de presión
- *mánager** gerente, directivo
- *marketing** mercadotecnia
- *stock** existencias
- start-up** empresa emergente

MODA

- casual** informal
- cool** guay, chulo, bonito
- fashion** de moda
- *jeans** vaqueros
- *look** estilo, apariencia
- de shopping** de compras
- *shorts** pantalones cortos
- *slip** calzoncillos
- *top model** supermodelo
- trendy** a la última

TECNOLOGÍA

- backup** copia de seguridad
- banner** anuncio
- *blog** bitácora
- community manager** gestor de comunidades
- ebook, e-book** libro electrónico
- email, *e-mail** correo electrónico
- home link** página de inicio
- newsletter** boletín
- online** en línea
- password** contraseña
- pen drive** lápiz de memoria
- *spam** correo basura
- *wifi** conexión inalámbrica

VARIOS

- *baby-sitter** niño/a, canguro
- *clase business** clase preferente
- crack, crac** fenómeno, fiera
- feeling** química, atracción
- *hándicap** desventaja
- *hobby** pasatiempo, afición
- *lifting** estiramiento facial
- ok** vale, de acuerdo
- selfie, *selfi** autofoto
- single** soltero / individual
- táper** fiambarrera, tartera
- *test** examen, prueba
- *tique** vale, bono, billete...
- *vip** importante

Más materiales on www.profedele.es

Material creado por Daniel Hernández Ruiz

idioma. Muchas de ellas proceden de otras lenguas. Algunas mantienen su grafía original y se denominan **xenismos** (*loft*); otras han sido adaptadas a las reglas ortográficas del castellano o gallego (*fútbol*) y, en algunos casos, son correctas tanto la grafía original como la adaptada (*slogan/eslogan*).

Dentro de los neologismos debemos diferenciar los **préstamos necesarios**: aquellos que se introducen en el idioma porque la lengua no dispone de una palabra para denominar esa realidad (*ketchup*) de los **préstamos innecesarios**: aquellos en los que la propia lengua sí tiene una palabra (*aparcamiento/*parking*). En este último caso debemos evitarlos.

Dentro de los neologismos

tenemos un tipo especial de palabras compuestas: los **neocompuestos**, utilizados básicamente en el léxico técnico y científico. Se forman modernamente en la lengua a partir de lexemas latinos y griegos. La palabra compuesta no existía como tal en la lengua de origen y tampoco existe cada constituyente separadamente en la lengua actual. En su mayoría, proceden del latín (*agricultura*), del griego (*antropófago*) o de una combinación de ambas: *filología*, *tecnocracia*, *fisioterapia*, *cacofonía*, *caleidoscopio*...

En menor medida, existen neocompuestos procedentes de otras lenguas: árabe y griego (*alcoholímetro*), francés y griego (*burocracia*) o latín e inglés (*motocross*).

El diccionario de la Real Academia Española define **tecnicismo** como “Cada una de las voces técnicas empleadas en el lenguaje de un arte, de una ciencia, de un oficio etc.”. Se trata, pues, de neologismos que se usan en determinadas disciplinas para referirse a realidades específicas de las mismas y suelen ser de difícil comprensión para las personas ajenas al ámbito en cuestión. El procedimiento más rentable para formarlos es recurrir a prefijos y sufijos de origen latino y griego. En el cuadro siguiente puede encontrar diferentes tecnicismos agrupados según el ámbito de conocimiento al que pertenecen:

▪ Tecnología	▪ Software, microchip, megabyte, puerto USB...
▪ Medicina	▪ Angioplastia, carcinoma, endoscopia, patológico...
▪ Derecho	▪ Jurisprudencia, mancomunidad, impericia...
▪ Economía	▪ Activos, pasivos, malversación...
▪ Marketing	▪ Dossier, cash, prelanzamiento...

2.1.3 Semántica. Palabras tabú e eufemismos

Lembre que, tal e como se explicou en módulos anteriores, son **palabras tabú** as que, polo seu significado, resultan socialmente desagradables ou inadecuadas e que o falante tende a evitar. Adoitan referirse a aspectos como a morte, funcións fisiolóxicas ou sexuais, supersticións etc.

Para substituír estas palabras xorden os eufemismos, concepto que aparece definido



no dicionario da Real Academia Galega como “*Expresión suavizada dun concepto que, dito de maneira clara e directa, podería molestar a alguén*”. Sirva de exemplo o

uso da expresión “pasar a mellor vida” no canto do verbo “morrer”.

Puede ampliar la información sobre formación de palabras y estructuración del léxico en los enlaces siguientes:

<https://treseso.wordpress.com/2008/10/21/el-lexico-castellano/>

http://www.materialesdelengua.org/LENGUA/lexico/formacion_lexico/lexico_esquema.htm

Actividade resolta

Localice nas seguintes palabras os lexemas e morfemas e clasifíqueas segundo a súa estrutura: *honestidade, mar, submarino, brancura, fermosura, xardineiro, abrelatas, anticiclón, sol, entristecer, sacarrollas*:

Palabra	Lexema	Morfemas	Clasificación
Honestidade	honest-	morfema sufixo -idade	derivada
Mar	mar		simple
Submarino	mar-	morfema prefixo sub- morfema sufixo -ino	derivada
Brancura	branc-	morfema sufixo -ura	derivada
Fermosura	fermos-	morfema sufixo -ura	derivada
Xardineiro	xardin-	morfema sufixo -eir morfema flexivo xénero -o	derivada
Abrelatas	abre + latas		composta
Anticiclón	ciclón	morfema prefixo anti-	derivada
Sol	sol		simple
Entristecer	trist-	morfema prefixo en- morfema sufixo -ecer	derivada/parasintética
Sacarrollas	saca + rollas		composta

Actividades propostas en galego

S1. A partir do seguinte texto, realice as actividades que se propoñen:

Empecei a experimentar Palestina xa no propio avión. Ao facer escala en Barcelona un pasaxeiro israelí esixiu que o cambiasen de asento porque de repente se atopara rodeado de viaxeiros que falaban o árabe. Logo, sobrevoando Sicilia, unha muller palestina suscitou unha pequena alarma ao pedir un coitelo para pelar unha mazá; e a dez mil metros sobre Chipre foron uns xudeus arxentinos os que se enfureceron ata ameazar cun motín se non se lles proporcionaba unha cea *kosher*. Ninguén parecía ir cómodo naquel avión, e isto debía servirme de advertencia.

Tampouco ía eu demasiado cómodo, xa postos. O viño que servían de aperitivo deume dor de cabeza e, ao chegar, o noso voo coincidiu con tres jumbos procedentes de Nova York cargados de centos de ultraortodoxos, con hashidim que, coma unha marea negra de sombreiros nos inundaban o vestíbulo do aeroporto e facían imposible chegar ata a aduana.

Este era o aeroporto Ben-Gurion...

Todos os aeroportos son lugares en certo modo máxicos. Un chega polo ceo e marcha polo ceo. Polo menos a maior parte das veces. Pero o aeroporto internacional Ben-Gurion, preto de Tel Aviv, é máxico se cadra noutro senso: é un lugar polo que osman as pantasma.

MURADO, M. A. *Fin de século en Palestina*, Galaxia, Vigo, 2008.

- Mediante a adición de sufixos e prefixos escriba palabras que pertencen á familia léxica destas que aparecen no texto (se o necesita, realice o exercicio coa axuda dun dicionario):

▪ Coitelo	
▪ Enfureceron	
▪ Cómodo	
▪ Asento	

- Que significado teñen os seguintes prefixos destas palabras extraídas do texto?

▪ Ultraortodoxo	
▪ Internacional	
▪ Sobrevoando	
▪ Aeroporto	

- S2. Escriba un cultismo con idéntica orixe cá palabra patrimonial proposta: *persoa, chuvia, chamada, cadeira, noite*.

Actividades propostas en castellano

- S3. Haciendo uso del diccionario si lo necesita, indique la procedencia de los siguientes préstamos: *hardware, vermú, abertzale, ravioli, ballet, jersey, complot*.

- S4. Organice las palabras que se ofrecen en la siguiente lista según se trate de eufemismos o palabras tabú: *persona en pobreza extrema, recesión económica, pene, gonorrea, desaceleración económica, guerra civil, conflicto interno, carcelero, borracho, cagar*.

- S5. En castellano utilizamos en muchas ocasiones expresiones latinas. Realice la actividad propuesta en el enlace siguiente para repasar el significado de estas expresiones:

http://www.materialesdelengua.org/WEB/hotpotatoes/lexico/latinismos/latinismos_frasescelebres.htm

- S6. Proporcione para los siguientes étimos latinos una palabra culta y otra patrimonial: *frigidu, litigare, auricula, directum*.

Pode reforzar e ampliar contidos relativos a formación de palabras e familias léxicas realizando as actividades propostas nestes enlaces:

http://ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/lexico/lexico1.htm

<http://centros3.pntic.mec.es/cp.antonio.de.ulloa/webactivhotpot/raiz/Hot%20Pot/len-gua6/prefijossufijos/prefijossufijos.htm>

<http://www.xtec.cat/~jgenover/derivado1.htm>

<http://www.apuntesdelengua.com/archivos/simplescompuestasderivadas/formaciondepalabrascompuestas.htm>

<http://conteni2.educarex.es/mats/11774/contenido/OA2/n1.html>

2.2 Ortografía, acentuación, puntuación

2.2.1 Acentuación

Nos módulos anteriores revisamos as regras de acentuación en galego e castelán. Pode acudir aos enlaces seguintes no caso de que precise repasalas:

<http://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortográficas+e+morfolóxicas+do+idioma+galego.pdf> (páxinas 23-30)

https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1390304363/contido/331_las_reglas_de_acentuacin_en_castellano_aspectos_teoricos.html

Así a todo, queremos facer fincapé nalgúns aspectos diferenciais entre o galego e o castelán:

Galego	Castelán
<ul style="list-style-type: none">Hiatos (viúva): considéranse estas secuencias formadas por dúas vogais pechadas con golpe de voz na segunda como hiatos e, xa que logo, levan acento.	<ul style="list-style-type: none">Ditongos homoxéneos (viuda): considéranse estas secuencias ditongos homoxéneos e, xa que logo, non levan acento.
Acentos diacríticos diferentes	
<ul style="list-style-type: none">Non se acentúan os adverbios en -mente: facilmente.	<ul style="list-style-type: none">Acentúanse todos os adverbios en -mente se o adxectivo base levaba acento: fácilmente.
<ul style="list-style-type: none">Non se acentúan exclamativos e interrogativos: Que me dis?	<ul style="list-style-type: none">Acentúanse exclamativos e interrogativos: ¿Qué me dices?
<ul style="list-style-type: none">Non se acentúan as palabras rematadas en ditongo: despois.	<ul style="list-style-type: none">Acentúanse as palabras rematadas en ditongo segundo as regras xerais: después.

Repare en que un uso incorrecto da acentuación pode levar a graves erros interpretativos:



2.2.2 Grafías

Nos módulos anteriores revisamos as grafías que ofrecen especial dificultade. Pode acudir aos enlaces que se ofrecen a continuación se precisa repasalas:

<http://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortográficas+e+morfolóxicas+do+idioma+galego.pdf>(páxinas13-22)

http://www.rae.es/sites/default/files/Ortografia_Esencial_0.pdf

2.2.3 Grupos consonánticos

Alguns grupos consonánticos en lingua galega

O conxunto de dúas consoantes denomínase grupo consonántico. En ocasións xorden dúbidas na súa representación á hora de escribilos. A continuación aparecen recollidos algúns dos máis frecuentes:

<ul style="list-style-type: none">▪ C/CC/CT	<ul style="list-style-type: none">▪ Os grupos cultos –cc– e –ct– mantéñense na escrita se van precedidos das vogais <i>a/e/o</i> e suprímese a primeira consoante precedidos de <i>i/u</i>: <i>acción</i> pero <i>conflicto</i>. Algunhas palabras pertencentes a linguaxes especializadas manteñen a primeira consoante: <i>adición, convicción, ficción, invicto, pictórico...</i>▪ O <u>c</u> do grupo –ct– converteuse en –i– nas palabras populares e nalgúns semicultismos: <i>oito, suxeito...</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ GM/GN	<ul style="list-style-type: none">▪ Mantéñense sempre nos cultismo: <i>agnóstico, flegmón, signo...</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ BC/BD/BM/BN/BS + consoante; BT/BV/BX	<ul style="list-style-type: none">▪ Mantéñense sempre: <i>substituír, subxugar, subxectivo...</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ BL/CL/FL/GL/PL/TL	<ul style="list-style-type: none">▪ Mantéñense como tales nos cultismos (<i>atleta</i>) e cambiaron –l– por –r– nas palabras semicultas (<i>praza</i>).
<ul style="list-style-type: none">▪ CN/CD	<ul style="list-style-type: none">▪ Mantense en todos os casos: <i>acne, anécdota...</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ MN/NM	<ul style="list-style-type: none">▪ Mantéñense nos cultismos: <i>calumnia, inmerso...</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ NS + consoante	<ul style="list-style-type: none">▪ Mantense nas palabras cultas (<i>circunstancia</i>) e perde a primeira consoante nas patrimoniais (<i>trasladar</i>).
<ul style="list-style-type: none">▪ PC/PN/PS/PT	<ul style="list-style-type: none">▪ Mantéñense nos cultismos (<i>optimista</i>). Algunhas palabras antigas no idioma ou de moito uso perden a primeira consoante nos grupos -pc- e -pt- (<i>descrición, prescrito</i>).

Algunos grupos consonánticos en lengua castellana

<ul style="list-style-type: none">▪ CN/GN/MN/PN/PS/PT	<ul style="list-style-type: none">▪ Se mantienen, pero según el diccionario de la Real Academia Española también es correcto eliminar la primera consonante: <i>gnóstico/nóstico, psicología/sicología, ptolemaico/tolemaico...</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ BS + consoante	<ul style="list-style-type: none">▪ Puede representarse completo o reducirse: <i>subscribir/suscribir...</i>
<ul style="list-style-type: none">▪ CC en la terminación -ción	<ul style="list-style-type: none">▪ Se mantiene cuando en la misma familia léxica existe alguna palabra con el grupo –ct–: <i>acción (actor)...</i>

2.2.4 Homófonos

Denominamos homófonos aqueles vocábulos que se pronuncian igual, pero poden ter diferente representación escrita.

Lingua galega

Máis	▪ adverbio de cantidade	▪ Teño máis ca ti.
	▪ substantivo	▪ Pon o máis diante do símbolo.
	▪ indefinido	▪ O máis que o faga el.
Mais	▪ conxunción adversativa	▪ Iría, mais non teño tempo.
	▪ conxunción copulativa	▪ Xan mais Pedro van na feira.
A ver	▪ preposición <u>a</u> + infinitivo do verbo ver	▪ A ver se te portas mellor.
Haber	▪ infinitivo do verbo haber	▪ Ten que haber unha solución.
Se non	▪ conxunción condicional + negación	▪ Se non vés, logo non te queixes.
Senón	▪ conxunción coordinada adversativa ou preposición	▪ Non son carballos, senón castiñeiros.
Porque	▪ conxunción causal	▪ Non foi porque non quixo.
Porqué	▪ substantivo	▪ Nunca souben o porqué da súa decisión.
Por que	▪ preposición por + conxunción/pronome relativo/pronome interrogativo	▪ Por que non vides connosco?

Lengua castellana

▪ A ver	▪ preposición a + infinitivo del verbo ver	▪ A ver si te portas mejor.
▪ Haber	▪ infinitivo del verbo haber	▪ Tiene que haber una solución.
▪ Si no	▪ conjunción condicional + negación	▪ Si no vienen, tendremos más tiempo.
▪ Sino	▪ conjunción adversativa	▪ No son tus padres, sino los míos.
▪ Sino	▪ sustantivo	▪ Don Álvaro o la fuerza del sino es una obra del Duque de Rivas.
▪ Porque	▪ conjunción causal	▪ No te lo doy porque no quiero.
▪ Porqué	▪ sustantivo	▪ Nunca entendí el porqué de su decisión.
▪ Por que	▪ preposición por + pronombre relativo	▪ Esa es la razón por (la) que no vino.
▪ Por qué	▪ preposición por + interrogativo	▪ ¿Por qué no venís con nosotros?
▪ Conque	▪ conjunción consecutiva	▪ Estoy bien, conque no llores.
▪ Con que	▪ preposición con + pronombre relativo	▪ Este es el argumento con que se defendió.
▪ Con qué	▪ preposición con + interrogativo	▪ ¿Con qué chico te has encontrado?

2.2.5 Repaso de signos de puntuación

Puede repasar el uso de los signos de puntuación en el documento cuyo enlace ofrecemos a continuación:

http://www.rae.es/sites/default/files/Ortografia_Esencial_0.pdf

Lea el siguiente texto en el que José Antonio Millán valora la importancia de los signos de puntuación:

¿Para qué sirve la puntuación? Para introducir descansos en el habla (pero no se descansa en cada signo, y se puede descansar donde no hay signos), para deshacer ambigüedades (pero no todas se pueden eliminar mediante la puntuación, ni ésta es el único modo de hacerlo), para hacer patente la estructura sintáctica de la oración (pero esto se hace también por otros medios), para marcar el ritmo y la melodía de la frase (aunque no todos los signos tienen estos efectos), para distinguir sentidos o usos especiales de ciertas palabras (pero para eso se pueden usar también tipos de letra, como la cursiva), para citar palabras de otro separándolas de las propias (pero eso se logra también con tamaños de letra y sangrados), para transmitir estados de ánimo o posturas ante lo que se dice o escribe (pero no todos tienen un correlato en la puntuación, ni éste es único), para señalar la arquitectura del texto (pero eso también lo hacen los blancos, y las mayúsculas).

Este es el espacio de la puntuación: un espacio con muchas funciones, que sus signos cubren sólo parcialmente, y que no sólo se cubren con sus signos. Pero es un espacio insustituible...

Puntuar bien es un arte, un reto: una necesidad. Su dificultad más grande proviene de que exige un desdoblamiento: el que puntúa debe ponerse en el lugar del que va a leer, sin abandonar el lugar del que está escribiendo. Y tener en cuenta al otro (que horas o décadas después vendrá sobre nuestro texto) siempre supone un esfuerzo...

¿Entenderá mi lector lo que digo? ¿Soy equívoco o ambiguo? ¿Separo bien lo que digo yo de lo que dicen otros? ¿Transmito adecuadamente los estados de ánimo que quiero indicar? ¿Marco como tal una información complementaria, no esencial? ¿Señalo claramente a qué elementos de una enumeración me estoy refiriendo? Cuando uso una palabra en un sentido que no es el habitual, ¿lo doy a entender bien? ¿Señalo mis enunciados incompletos como tales? ¿Me adelanto a una posible mala interpretación? Y también: ¿estropeo lo que quiero decir por exceso de signos, de intromisiones? Estas son algunas de las preguntas que se plantea (aun sin saberlo) la persona que puntúa. Y a todas ellas debe dar respuesta con estos pequeños signos...

MILLÁN, J. A. *Perdón imposible. Guía para una puntuación más rica y consciente*. Ariel, 2015.

Actividade resolta

Complete con porque, por que, porqué:

- _____ me falaches dunha maneira tan insolente?
- Nunca entenderei o _____ das súas decisións.
- Nunca saberei _____ me gusta tanto esa cidade.
- Paso _____ me corrixas, pero non o fago _____ me rífes.

- Por que me falaches dunha maneira tan insolente?
- Nunca entenderei o porqué das súas decisións.
- Nunca saberei porque me gusta tanto esa cidade.
- Paso por que me corrixas, pero non o fago porque me rífes.

Actividades propostas en galego

S7. Realice o test de acentuación que aparece no enlace seguinte:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/test/tiles1.htm

S8. Realice os exercicios interactivos que se ofrecen no enlace seguinte para revisar as cuestión básicas de ortografía:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/test/catro.htm

Actividades propostas en castellano

S9. Realice el ejercicio que aparece en el enlace siguiente:

<http://blog.lengua-e.com/2013/ejercicios-por-que-por-que-porque-porque/>

S10. Realice el ejercicio que aparece en el enlace siguiente:

<http://blog.lengua-e.com/2012/sino-y-si-no-ejercicios/>

2.2.6 Fonética

Lembre que os fonemas son as unidades mínimas que, sen teren significado, si permiten diferenciar significados: **pico /p/, bico /b/**.

Diferenciamos dous grandes bloques nos fonemas:

- Fonemas vocálicos: na súa articulación o aire non atopa ningún obstáculo na saída. Amais, poden formar sílaba por si mesmos.
- Fonemas consonánticos: aparecen diferentes obstáculos á saída do aire na súa articulación. Precisan dunha vogal para formaren sílaba.

O sistema vocálico do galego presenta, en posición tónica e pretónica, sete fonemas vocálicos, dado que se dá a oposición entre vogais medias abertas e as medias pechadas nos casos de e e o. En castelán, pola contra, non atopamos tal oposición polo que unicamente temos cinco fonemas vocálicos.

O sistema consonántico do galego consta de 19 fonemas. O castelán presenta idéntico número. A continuación ofrecemos o cadro do sistema consonántico do galego:

		punto de articulación													
		bilabiais		Labiodentais		linguodentais		interdentais		alveolares		palatais		velares	
		x	s	x	s	x	s	x	s	x	s	x	s	x	s
modo de articulación	oclusivas	p	b			t	d							k	g
	fricativas			f				θ		s		ʃ			
	africadas											tʃ			
	nasais			m								n		ɲ	
	laterais											l		ʎ	
líquidas	vibr											r			
	múltiple											r			

Consulte na ligazón que se ofrece a seguir a correspondencia entre fonemas e grafías. Poderá tamén ter máis información e realizar prácticas sinxelas:

https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1444815157/contido/falo_galego/competencia_bsica2.html

A maioría dos fonemas coinciden nas dúas linguas; porén, existen as seguintes diferenzas:

FONEMAS ESPECÍFICOS DO GALEGO	FONEMAS ESPECÍFICOS DO CASTELÁN
/j/ fricativa palatal xorda: <i>xamón</i> /ŋ/ nasal velar sonora: <i>algunha</i>	/Y/ fricativa palatal sonora: <i>mayo</i> /X/ fricativa velar sorda: <i>jarrón, gente, jefe</i>

Tal e como vimos en unidades anteriores é moi importante que vostede respecte a pronuncia das sete vogais en galego, por canto se trata de fonemas diferentes que implican un cambio de significado. Fíxese no exemplo seguinte:

Besta /e/	Animal
Bésta /ɛ/	Arma antiga

Xa que logo, a secuencia “Mancouse cunha besta” segundo articulemos o fonema medio aberto ou medio pechado terá un significado completamente diferente. Debemos, daquela, preservar na nosa pronuncia esta diferenza non só por tratarse dun trazo propio da nosa lingua, senón tamén porque a interpretación da secuencia é diferente.

Algúns falantes de galego non realizan adecuadamente o fonema /ŋ/ (nasal, velar, sonoro) que aparece nas palabras *unha, algunha, ningunha* nin fan a realización fonética velar que adoita darse en toda nasal en posición implosiva (final de sílaba ou palabra), coas excepcións de *alguén, ben, nin, ninguén, non, quen, sen e tamén* seguidas do pronome persoal átono o, a, os, as. Neste último caso, o –n final só o é aparentemente, porque na realidade se une á vogal do pronome; daquela, debemos pronuncialo como alveolar (do mesmo xeito que na palabra *nenho*). Pero en secuencias como “*Non te vin onte*” as nasais subliñadas aparecen en posición implosiva, polo que a súa pronuncia debe de ser velarizada.

Actividade resolta

Escriba parellas de oracións nas que se evidencie a diferenza de significado entre: *pola/póla, ven/vén, fora/fóra, presa/présa, cómpre/compre*.

- Merquei unha pola na feira. Á árbore rompeulle unha póla.
- Eles deben usar lentes porque non ven ben. El vén sempre canda os amigos o sábado á noite.
- Non ten présa rematarmos esta tarefa. Para rematar de cociñar preciso unha presa de fariña.
- Non compre ás toas, mire primeiro. Cómpre irmos tomando unha decisión.

Actividades propostas en galego

S11. Visualice o vídeo que aparece no seguinte enlace e tome nota das palabras que se pronuncian coa vogal aberta e coa vogal pechada:

<https://www.youtube.com/watch?v=sq1xX3FF0Z0>

S12. Lea as oracións seguintes fixándose na pronuncia das nasais e no grao de apertura das vogais:

- Sen a túa axuda non o teríamos conseguido nunca.
- Veu unha moza que ti coñecías dende había moitos anos.
- Vai á fonte a por auga que teño moita sede.
- A aqueles nenos están a lles caer os dentes.

Actividad propuesta en castellano

S13. Visualice el vídeo que aparece en el enlace que se ofrece a continuación y tome nota de las peculiaridades fonéticas del castellano a que hace referencia:

<https://www.youtube.com/watch?v=wkRnn0VFv9c>

2.3 Sintaxe e construción textual

2.3.1 Os sintagmas

Un sintagma é un grupo de palabras que forman unha unidade no interior da oración. Diferenciamos tipos distintos segundo cal sexa a palabra clave dos mesmos que, daquela, funcionará como núcleo.

Tipo de sintagma	Núcleo e estrutura
<ul style="list-style-type: none">▪ Sintagma nominal	<ul style="list-style-type: none">▪ O núcleo é un substantivo ou pronome.▪ A estrutura é determinante + núcleo + modificador (poden faltar determinantes e modificadores).▪ Funcionan de determinantes: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, interrogativos, exclamativos.▪ Funcionan como modificadores: adxectivos, sintagmas preposicionais ...▪ Exemplo: <u>Aqueles mozos de Verín</u> (o núcleo é <u>mozos</u>, <u>aqueles</u> funciona como determinante e o sintagma preposicional <u>de Verín</u> como modificador).
<ul style="list-style-type: none">▪ Sintagma adxectivo	<ul style="list-style-type: none">▪ O núcleo é un adxectivo.▪ A estrutura é modificador + núcleo + modificador (poden faltar os modificadores).▪ Como modificador anteposto ao núcleo só pode funcionar o adverbio; como modificador posposto, outro adxectivo ou un sintagma preposicional.▪ Exemplo: <u>Moi guapo de cara</u> (o núcleo é o adxectivo <u>guapo</u>, leva un modificador anteposto, o adverbio <u>moi</u>, e un posposto, o sintagma preposicional <u>de cara</u>).
<ul style="list-style-type: none">▪ Sintagma adverbial	<ul style="list-style-type: none">▪ O núcleo é un adverbio.▪ A estrutura é modificador + núcleo + modificador (poden faltar os modificadores).▪ Como modificador anteposto ao núcleo só pode funcionar o adverbio; como modificador posposto, normalmente, un sintagma preposicional.▪ Exemplo: <u>Bastante lonxe da cidade</u> (o núcleo é o adverbio <u>lonxe</u>, leva un modificador anteposto, o adverbio <u>bastante</u>, e un posposto, o sintagma preposicional <u>da cidade</u>).

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sintagma preposicional 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ten unha estrutura bimembre: relator ou enlace (sempre será unha preposición ou locución preposicional) e un termo (pode ser un sintagma nominal, adxectivo, adverbial ou verbal). ▪ Exemplo: <u>Tras moitos traballos</u> (o enlace é a preposición <u>tras</u> e o termo o sintagma nominal <u>moitos traballos</u>).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sintagma verbal 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O núcleo é un verbo ou unha perífrase verbal. Coincide coa estrutura do predicado.

Actividade resolta

Identifique a que tipo pertencen os sintagmas seguintes e analice a súa estrutura: *tras moitos inconvenientes, moi lonxe de Galicia, todos os sábados, demasiado forte, comen xoubas preto da praia.*

- *Tras moitos inconvenientes*: sintagma preposicional. O enlace é a preposición *tras* e o termo o sintagma nominal *moitos inconvenientes*. Este, á súa vez, consta dun determinante (o indefinido *moitos*) e un núcleo (o substantivo *inconvenientes*).
- *Moi lonxe de Galicia*: sintagma adverbial. O núcleo é o adverbio *lonxe*. Ten dous modificadores (o adverbio *moi* e o sintagma preposicional *de Galicia*).
- *Todos os sábados*: sintagma nominal. O núcleo é o substantivo *sábados*. Ten dous determinantes (o indefinido *todos* e o artigo *os*).
- *Demasiado forte*: sintagma adxectivo. O núcleo é o adxectivo *forte* e o modificador o adverbio *demasiado*.
- *Comen xoubas preto da praia*: sintagma verbal. O núcleo é a forma verbal *comen* e ten unha serie de complementos.

Actividade proposta

S14. Identifique e analice os sintagma seguintes:

- Preto da praia.
- Lugares emblemáticos de París.
- Tras o seu castelo.
- Moi barato.

2.3.2 Enunciados y oraciones

Los enunciados son unidades mínimas de comunicación, delimitadas por pausas, que transmiten un mensaje completo. Tienen, por lo tanto, independencia sintáctica y comunican una información que el receptor percibe como acabada.

Los identificamos por tres rasgos:

- Están comprendido entre dos pausas.
- Presentan una determinada curva de entonación.
- Comunican un mensaje con sentido completo.

Existen dos tipos de enunciados:

- **Enunciados no oracionales**: palabras, sintagmas... Ejemplos: *socorro!*
Fantásticas rebajas.
- **Enunciados oracionales**: su forma es la oración (simple o compuesta).
Ejemplo: *hemos subido los precios.*

La oración es, pues, un tipo de enunciado formado por dos constituyentes: sujeto y predicado.

Actividad resuelta

Transforme en oraciones los enunciados siguientes añadiendo un verbo adecuado y realizando los cambios que sean precisos:

- Fuerte aumento del desempleo en España.
- Desde mañana, más descuentos.
- Tres puntos y paso adelante del Celta tras vencer al Real Madrid.
- Fondos europeos para impulsar la economía griega.
- Detenido en Ourense por robo con violencia.
- Fuertes medidas de seguridad en la cumbre de Jefes de Estado de la UE.
- Multitudinaria manifestación contra la violencia de género en Santiago de Compostela.

- Se ha producido un fuerte aumento del desempleo en España.
- Desde mañana habrá más descuentos.
- El Celta da un paso adelante al obtener tres puntos tras ganar al Real Madrid.
- La economía griega es impulsada con fondos europeos.
- Ha sido detenido en Ourense por robo con violencia.
- Se han establecido fuertes medidas de seguridad en la cumbre de Jefes de Estado de la Unión Europea.
- Una multitud de personas sale a las calles de Santiago de Compostela para manifestarse contra la violencia de género.

Actividad propuesta

S15. Indique si las siguientes secuencias constituyen enunciados:


- Más de mil nuevas incorporaciones.
- ¡Socorro!
- Prohibido aparcar.
- El partido del domingo será clave para decidir el campeonato.
- ¿Podemos entrar?

2.3.3 Estrutura sintáctica da oración simple. Complementos do predicado


Unha oración simple é aquela que ten un único verbo en forma conxugada. Ese verbo (ou perífrase verbal) funcionará como núcleo do predicado. Pode ter os complementos que se indican de seguido:

<ul style="list-style-type: none">▪ Atributo	<ul style="list-style-type: none">▪ Aparece nas oracións con verbos copulativos (<i>ser, estar e parecer</i>) e concorda en xénero e número co suxeito.▪ Para recoñecelo cómpre examinar se é conmutable polo pronome: <u>o</u>.▪ O meu fillo é <u>alto/médico</u>; o meu fillo <u>é</u>.
<ul style="list-style-type: none">▪ Complemento directo	<ul style="list-style-type: none">▪ Aparece con verbos predicativos (todos agás os copulativos) en voz activa e, se convertemos a oración a pasiva, pasa a ser o suxeito.▪ Podemos conmutalo cos pronomes <u>o, a, os, as</u>.▪ Comprei <u>un coche</u>: <u>compreino</u>.
<ul style="list-style-type: none">▪ Complemento indirecto	<ul style="list-style-type: none">▪ É conmutable polos pronomes lle/lles. Pode desempeñar esta función un pronome persoal ou un sintagma preposicional introducido pola preposición <u>a</u>.▪ Deu as cualificacións <u>aos alumnos</u>: <u>deulles</u> as cualificacións.
<ul style="list-style-type: none">▪ Complemento predicativo	<ul style="list-style-type: none">▪ Trátase dun sintagma nominal ou adxectivo que concorda en xénero e número co suxeito ou co complemento directo.▪ Para recoñecelo debemos ter coidado de non confundilo co complemento circunstancial de modo. A diferenza é que o predicativo concorda e o complemento circunstancial non o fai.▪ Os mozos paseaban <u>contentos</u> pola rúa; As mozas paseaban <u>contentas</u> (predicativos).▪ Os mozos/as mozas camiñaban pola rúa <u>despreocupadamente</u> (circunstancial).

<ul style="list-style-type: none"> Complemento de réxime ou suplemento 	<ul style="list-style-type: none"> Esta función sempre está desempeñada por un sintagma preposicional. A preposición vai sempre esixida polo verbo. Se o substituímos por un pronome, será sempre pola forma tónica e mantemos a preposición. Arrepentíronse <u>das súas palabras</u>: arrepentíronse <u>diso</u>.
<ul style="list-style-type: none"> Complemento axente 	<ul style="list-style-type: none"> Sintagma preposicional introducido pola preposición “por” e que aparece exclusivamente na voz pasiva (formada coa perífrase ser + participio). Se transformamos a oración á voz activa, convértese no suxeito: foron sancionados <u>polos seus superiores</u> (pasiva) / Os seus superiores sancionáronos (activa).
<ul style="list-style-type: none"> Complemento circunstancial 	<ul style="list-style-type: none"> A información que proporciona non é central para o contido da oración. De feito, se se suprime, a estrutura segue sendo gramaticalmente completa. Indica tempo, lugar, modo, cantidade, afirmación, negación, finalidade etc., e non está esixido polo verbo. <p>Exemplos: <u>Onte</u> ía moito frío (complemento circunstancial de tempo). <u>Na costa lucense</u> hai praias espectaculares (complemento circunstancial de lugar).</p>




POELITERARIA



LOS COMPLEMENTOS DEL PREDICADO

<h3 style="color: #4B0082;">El Complemento Directo</h3> <p>FORMA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - GN/CD: Juan vendió su moto. Juan la vendió. - GPrep/CD = E: Prep. A. <p>RECONOCIMIENTO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Sustitución por los pronombres átonos de tercera persona: LO, LA, LOS, LAS. 2) Transformación a PASIVA. (El CD debe actuar como SUJ. PAC. en la oración pasiva) <p>Juan vendió su moto. Su moto fue vendida por Juan.</p>	<h3 style="color: #4B0082;">El Complemento Indirecto</h3> <p>FORMA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - GPrep/CI = E: Prep. A. <p>Juan vendió su moto a Pedro.</p> <p>RECONOCIMIENTO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Sustitución por los pronombres átonos de tercera persona: LE, LES y SE.
<h3 style="color: #4B0082;">El Complemento Agente</h3> <p>FORMA Y RECONOCIMIENTO</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Aparece en oraciones pasivas. 2) Forma: GPrep/CAG = E: Prep. Por 	<h3 style="color: #4B0082;">El Atributo</h3> <p>FORMA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - GAdj/Atrib: Juan es bueno. - GN/Atrib: Juan es el camarero. - GAdv/Atrib: Juan es así. - GPrep/Atrib: Juan es de pueblo. <p>RECONOCIMIENTO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Aparece en PN. 2) Puede sustituirse por el pronombre personal átono LO.
